

Boas noites, Santiago!

É difícil expresar con palabras o inmenso orgullo que supón para min estar hoxe aquí con vós. Quero agradecer ao Concello, á corporación e ao señor alcalde que decidisen contar comigo nun ano tan especial.

Non esquezamos que este segue a ser, excepcionalmente, Ano Xacobeo. E que volvemos vivir as festas cos sorrisos á vista de todos e todas.

Veciñas e veciños de Santiago,  
galegos e galegas,  
visitantes de todo o mundo,  
peregrinos e demais xentes despistadas  
que pasaban por aquí e decidiron quedar:

Eu nunca fun pregoeiro de nada. Eu non sei de pregóns.  
Pero si sei sobre "ser de Santiago", sobre ser compostelán, sobre ser picheleiro.

Intentarei ser breve.  
Polo menos, non tan pesado como as obras dos Concheiros.

Son santiagués dos pés á cabeza. Do Ensanche. Do Camiño Novo. Da praza de Vigo.  
Vivir no Ensanche quizais non ten tanta maxia, así de primeiras.  
Pero si hai algo especial nesa praza na que xoguei toda a miña infancia coa rapazada do barrio.  
Alí naceu, como di o monumento que a conmemora,  
"unha grandísima defensora dos intereses culturais, sociais e humanos de todos os galegos":  
Rosalía de Castro.  
Tamén inscrito nesa pedra, hai un poema que sempre me gusta ler, dende neno. Di así:  
"Nasín cando as prantas nasen  
no mes das froles nasín  
nunha alborada mainiña  
nunha alborada de abril  
por eso me chaman Rosa  
mais a do triste sorrir  
con espiñas para todos,  
sin ningunha para ti"

Eu nacín nunha madrugada de outubro de 1986. Outono pechado. No hospital da Esperanza.  
Fun bautizado aquí en fronte, na Catedral. Na Corticela.  
Sempre me gusta dicilo, aínda que non lembro moito daquel día.  
A primeira comunión fíxena na igrexa do Pilar, na Alameda. Iso si que o lembro.  
Difícil esquecer un día enteiro vestido de mariñeiro sen ser Entroido.

Nacer en Santiago é un pouco comezar polo final.  
Iniciar o teu camiño na vida nun lugar que é final de moitos camiños, ten as súas particularidades.  
Nacer en Santiago non é garantía de ter paixón pola beleza e a cultura. Pero axuda. Moito.  
Non sei se sería actor de non nacer nesta cidade.  
O que si sei é que as ferramentas do meu oficio as atopei por primeira vez aquí.  
Igual que os artesáns se agruparon nesta cidade en prazas que agora levan o nome do seu oficio,  
moitos nenos e nenas coma min tivemos a sorte de vivir rodeados de portas infinitas para a nosa imaxinación.

Di Manuel Rivas que  
"Compostela naceu dunha estrela que indicaba unha tumba  
e floreceu sobre ese sepulcro.  
En todo caso falamos dunha obra aberta,  
con páxinas de cronoloxía en espiral que se solapan,  
como pétalos dunha enigmática rosa"

Compostela ten todo o necesario para que todo florezca.  
E non só me refiro á choiva, que tamén.  
Podo dicir, despois de 15 anos vivindo fóra,  
que en "Madrid llueve mal",  
e que o tópico de que a "choiva en Santiago é arte" é certo.  
A ver, ás veces pode semellar "arte contemporánea".  
Esa arte que é difícil de entender ou aceptar ao comezo.  
Non sei se sabedes ao que me refiro.  
Porque é certo que non sempre botei de menos a choiva perpetua

de cando vivía todo o ano en Santiago.  
Quizais porque eu nunca usei paraugas.  
Esa é unha das miñas contradicións sendo santiagués.  
Ou non, porque para alguén apaixonado por esta cidade,  
non hai maior pracer que contemplar a choiva  
refuxiado nos soporais das rúas máis fermosas do mundo.  
Así que “se chove, que chova”.

Compostela ten todo o necesario para que todo florezca,  
porque Compostela é fonte infinita de misterio.  
Misterios e historias que trae xente de todas partes.  
Dicia Cunqueiro que “a Compostela un achégase como quen se achega a un milagre”  
Eu penso que é un milagre ter un lugar ao que pertencer.  
Aínda máis, poder vivir ou volver sempre ao lugar ao que un pertence.  
Nestes tempos vivir do oficio que a un lle gusta, tamén é un milagre.

Ás veces, todo comeza de forma misteriosa,  
todo ocorre porque un está no momento e no lugar adecuado.  
Para min, este portento comezou no colexio La Salle,  
con outro poema de Machado, que tamén tiña a choiva presente nos seus versos.  
“Una tarde parda y fría de invierno.  
Los colegiales estudian.  
Monotonía de lluvia tras los cristales.  
Es la clase”  
Así comezou o meu primeiro cásting, cando tiña 11 anos.  
Unha viaxe a ningunha parte, como se titula a obra do primeiro actor que coñecín, Fernando Fernán  
Gómez.  
Foi á beira do río Tambre.  
Xa choveu.

Moito cambiou dende aquela. Outras cousas non cambiaron, por sorte.  
E outras volveron, de forma máis ou menos misteriosa. Mirade o noso alcalde por exemplo.  
Eu debutei como actor en 1999, e el xa estaba. E cando marchei a Madrid en 2007, tamén estaba.  
E hoxe, aquí está.

Hai cousas que permanecen inmutables en min, que son esenciais na miña vida.  
E mesmo medraron canto máis lonxe estaba. Como é o meu amor por Compostela.  
Pola miña familia compostelá, polas xentes e o espírito deste lugar.

Para un compostelán coma min, emprender un camiño fóra, non foi doado.  
Ás veces a “morriña”, ese concepto tan usado, nin alcanza para describir a sensación de estar fóra.  
Eu marchei hai 15 anos, case media vida. Pero a miña vida enteira está aquí.  
Nunca faltei ás festas do Apóstolo nestes 15 anos.  
Dunha ou doutra maneira, escapei para vivir as mellores festas do mundo, aquí, coa miña xente.  
Santiago segue a ser a miña casa.  
De feito, non levo tanto tempo empadroadado en Madrid. Tardei bastante.  
E espero poder empadroarme de novo algún día aquí.  
Iso si, espero que daquela os Concheiros non volvan estar en obras.

O meu carácter está íntimamente ligado a ser santiagués.  
Santiago non é unha estación máis na miña vida.  
É unha forma de ollar o mundo. De relacionarme cos demais.  
Un non pode esquecer o que aprendeu ao se perder por estas rúas.  
Ese era un dos meus pasatempos preferidos de cativo.  
Camiñar sen rumbo fixo cos amigos, algúns aquí presentes hoxe,  
a descubrir lugares e perseguir persoas que nos resultaban peculiares, imaxinando como eran as súas  
vidas.  
Penso que aí comezou a miña vocación por actuar.  
Lembro a impresión de descubrir a rúa de Saesepodes, de casualidade,  
ou a cantidade de personaxes que recompilamos nunha lista, máis de 100, que ben merecerían todos ser  
contados.  
Aí comezou a miña fascinación por imitar e imaxinar as vidas dos outros,  
e a curiosidade por descubrir lugares descoñecidos.  
Santiago é un misterio en si mesmo.  
Tirando de tópicos:  
é difícil explicar os fogos do Apóstolo para quen non os viviu en persoa,  
igual que as festas da Ascensión,

o que foi Ferradura aberta  
o botafumeiro en acción,  
o ascenso a primeira do Compostela,  
ou saír do Maycar ao amencer...

Non quero deixar de mencionar a miña primeira escola de Teatro, Espazo aberto,  
o Conservatorio de Música,  
os meus anos de Universidade, na Facultade de Ciencias da Comunicación,  
o Bacharelato no mellor instituto do mundo, que leva por nome a xa mencionada Rosalía de Castro,  
e ao que foi o seu director, Ubaldo Rueda, responsable tamén de que hoxe estea eu aquí.  
Non sería quen son sen todo o que aprendín neses lugares.  
Aí fixen moitos complices de vida.  
Algúns deles presentes aquí hoxe.  
Grazas de corazón a todas e todos.

Que comecen as mellores festas do mundo.

Viva Santiago! Viva Compostela!  
Viva Galicia!  
Vivan as festas do Apóstolo!

Tamar Novas